

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **17 de decembro de 2014**, adoptou o seguinte acordo:

6.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “EXECUCIÓN DE BEIRRARRÚAS NA RÚA SAA-BEADE”. EXPTE. 2600/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.12.14, dáse conta do informe-proposta do 16.12.14, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 15 de decembro de 2014, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

5.- Propostas de adxudicación.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de execución de beirrarrúas na rúa Saa” (expediente 2600-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.*
- *Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto das obras de execución de beirrarrúas na rúa Saa (PCAP).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do día 28 de novembro de 2014, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro: Dar conta da exclusión da empresa ENDENOR S.L. acordada pola Mesa de Contratación de 20 de novembro de 2014 xa que a proposta técnica contida no sobre B de esta empresa non esta asinada electronicamente nin se acompaña unha declaración escrita do licitador, sinalando que o contido do soporte dixital aportado se corresponde coa proposición do sobre de que se trate.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación daas obras de execución de beirraruas na rúa Saa”. (expediente 2600-440), no seguinte orde decrecente:

1	CONSTRUCCIONES VALE, SL.	92,30
2	UTE ACEVI S.L-MONTAJES IGLESIAS	85,36
3	OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, SA.	79,59
4	EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR, SL.	79,47
5	SERGONSA SERICIOS, S.L.	78,73
6	COPCISA, SA:	78,20
7	DESMACO S.L.	77,68
8	CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	72,84
9	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU.	71,59
10	PRACE SERVICIOS Y OBRAS SL.	71,58
11	STRADIA INFRAESTRUCTURAS SL.	70,18
12	HORDESCON, S.L.	64,63
13	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	55,54
14	NATURGALIA, S.L.	54,08

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES VALE, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- *A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Póliza do seguro de responsabilidade civil de acordo co apartado 13.a) das FEC.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- *Declaración responsable designando o seu delegado coas funcións descritas na cláusula 27.11 do PCAP.*
- *Compromiso de adscrición á execución do contrato dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 6 E das FECles se comprometeu na súa oferta.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 668,04 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 28 de novembro de 2014, que presenta a documentación requirida en data 12 de decembro de 2014, dentro do prazo sinalado.

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 15 de decembro de 2014, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse ós licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES VALE, S.L., á vista dos informes do xefe de Área de Fomento de datas 25-11-2014 e 27-11-2014, valorando os criterios non avaliados mediante fórmula e os criterios avaliados mediante fórmula e establecendo a puntuación final respectivamente. Estes informes poderán consultarse no perfil do contratante do Concello de Vigo.

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, SE PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar á CONSTRUCCIONES VALE, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de execución de beirarrúas na rúa Saa por un prezo de 67.844,18 euros (IVE engadido) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Incrementa o prazo de garantía en 108 meses.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a dezasete de decembro do ano dous mil catorce.

me

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.